

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

3763 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 3/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o mecanismo de casación das ofertas de venda e adquisición de enerxía presentadas simultaneamente ao mercado diario e intradiario de produción por suxeitos do sector eléctrico pertencentes ao mesmo grupo empresarial. («BOE» 53, do 3-3-2006.)*

Advertidos erros no texto do Real decreto lei 3/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o mecanismo de casación das ofertas de venda e adquisición de enerxía presentadas simultaneamente ao mercado diario e intradiario de produción por suxeitos do sector eléctrico pertencentes ao mesmo grupo empresarial, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 1 de marzo de 2006, procédese a efectuar as oportunas modificacións.

Na páxina 593, primeira columna, quinto parágrafo, onde di: «Na presente disposición, procédese a assimilar a contratos bilaterais físicos, con carácter previo á casación do mercado diario, as cantidades de enerxía eléctrica coincidentes de venda e adquisición presentadas por eses suxeitos, de forma que estes soamente poderán participar na casación coa posición neta do grupo a que pertencen.»

Debe dicir: «Na presente disposición, procédese a assimilar a contratos bilaterais físicos, con carácter previo ao programa resultante da casación do mercado diario, as cantidades de enerxía eléctrica coincidentes de venda e adquisición presentadas e casadas por eses suxeitos, de forma que estes só poderán participar no programa resultante da casación coa posición neta do grupo a que pertencen.»

Na páxina 593, segunda columna, no artigo un, número 1, undécima liña, onde di: «poidan participar na casación pola posición», debe dicir: «poidan participar no programa resultante da casación pola posición».

Na páxina 593, segunda columna, no artigo dous, número 1, primeira e segunda liñas, onde di: «A partir do día 2 de marzo de 2006, para as taxacións ...», debe dicir: «A partir do día 2 de marzo de 2006, para as casacións ...».

Na páxina 593, segunda columna, no artigo dous, número 1, quinta liña, onde di: «... minorarase o importe.», debe dicir: «... minorarase no importe.».

Na páxina 594, primeira columna, no anexo, número 1, primeiro parágrafo, terceira liña, onde di: «... diario e intradiario e antes de realizar...», debe dicir: «... diario e intradiario e despois de realizar...».

Na páxina 594, primeira columna, no anexo, número 1, primeiro parágrafo, quinta liña, onde di: «... aquelas ofertas presentadas por...», debe dicir: «... aquelas ofertas presentadas e casadas por...».

Na páxina 594, primeira columna, no anexo, número 1, segundo parágrafo, primeira liña, onde di: «O operador do mercado incorporará na casación.», debe dicir: «O

operador do mercado incorporará ao programa resultante da casación.».

Na páxina 594, primeira columna, no anexo, número 1, terceiro parágrafo, cuarta, quinta e sexta liñas, onde di: «bilateral as ofertas de venda de menor prezo coa totalidade das ofertas de adquisición do grupo; seguidamente, incorporará á casación as ofertas de venda...», debe dicir: «bilateral as ofertas de venda casadas de menor prezo coa totalidade das ofertas de adquisición casadas do grupo; seguidamente, incorporará ao programa resultante da casación as ofertas de venda...».

Na páxina 594, primeira columna, no anexo, número 1, cuarto parágrafo, cuarta, quinta e sexta liñas, onde di: «adquisición de maior prezo coa totalidade das ofertas de venda do grupo; seguidamente, incorporará á casación as ofertas de adquisición restantes», debe dicir: «adquisición casadas de maior prezo coa totalidade das ofertas de venda casadas do grupo; seguidamente, incorporará ao programa resultante da casación as ofertas de adquisición restantes».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3769 *ORDE APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. («BOE» 53, do 3-3-2006.)*

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo cal se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE, do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Dos distintos subtipos do virus da gripe aviaria, a cepa H5N1 é especialmente virulenta polo que, a raíz dos abrochos da dita cepa, que se iniciaron no Sueste Asiático en decembro de 2003, a Comisión Europea adoptou varias decisións para evitar a introdución desta enfermidade na Comunidade desde os países terceiros afectados. As medidas víronse reforzadas e ampliadas tras a confirmación en diversos Estados membros de gripe aviaria altamente patóxena causada polo subtipo H5N1 do virus A da gripe, mediante diversas decisións comunitarias, a última das cales é a Decisión 2006/135/CE, da Comisión, do 22 de febreiro de 2006, relativa a determinadas medidas de protección en relación cunha gripe aviaria altamente patóxena en aves de curral da Comunidade.